

Resolución do 3 de decembro de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproba a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional no procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia como profesor especialista, en determinados módulos profesionais do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Emerxencias e Protección Civil

Por unha Resolución do 19 de maio de 2021, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, convocouse un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia, como profesor especialista, en determinados módulos profesionais do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Emerxencias e Protección Civil, no ámbito de Inspección e Coordinación (590711) e no ámbito de Intervención operativa en emerxencias (590712).

Logo de revisadas as solicitudes de participación, comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos e o baremo de méritos alegados polas persoas aspirantes na convocatoria para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia como profesor especialista, en determinados módulos profesionais do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Emerxencias e Protección Civil e de acordo co disposto na base sexta da citada convocatoria procede aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas das listas de interinidades e substitucións e o baremo provisional na especialidade indicada e facelas públicas no portal da Internet desta consellería www.edu.xunta.gal.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar a relación provisional de persoas admitidas e excluídas e o baremo provisional das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia como profesor especialista, en determinados módulos profesionais do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Emerxencias e Protección Civil, no ámbito de Inspección e Coordinación (590711) e no ámbito de Intervención operativa en emerxencias (590712).

Segundo. Ordenar a publicación no portal da Internet da Consellería de Cultura, Educación e Universidade www.edu.xunta.gal da relación provisional de persoas admitidas e excluídas e do baremo provisional indicadas no apartado anterior.



Terceiro. De acordo co disposto na base sexta da convocatoria pola que se acordou a apertura do procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións, as persoas interesadas poderán formular reclamacións contra a relación provisional de persoas excluídas e o baremo provisional, no prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no citado portal da Internet.

Tal e como se indica na dita base sexta a presentación das alegacións e documentación que proceda deberá realizarse mediante un escrito dirixido á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, que presentarán por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,

As alegacións así formuladas, unha vez presentadas no rexistro oficial correspondente, deberán adiantarse escaneadas (co selo de rexistro) tamén por correo electrónico no citado prazo ao enderezo persoal.secundaria@edu.xunta.gal.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

